

## O Clúster da Biomasa de Galicia lanza o seu Plan Estratégico 2022-2025 para impulsar o uso das enerxías renovables

- *O documento recolle ata 22 iniciativas para converter á biomasa nun sector máis innovador, competitivo e contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia*
- *O presidente do Clúster, Francisco Álvarez, destaca que “a biomasa crea emprego na contorna rural e é unha peza clave para alcanzar a neutralidade climática”*
- *O director da Área de Competitividade do Igape, Norberto Penedo, subliña que “o Clúster é un exemplo de que a colaboración é clave para aumentar a nosa competitividade”*

**Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2022.** O Clúster da Biomasa de Galicia celebrou hoxe a súa Asemblea Xeral, na que se deron cita representantes dos 28 membros do organismo. O encontro serviu para presentar o **Plan Estratégico 2022-2025** da entidade, un documento que recolle ata un total de 22 iniciativas agrupadas en diferentes eixos e cuxo obxectivo final é **impulsar o uso das enerxías renovables e defender os intereses do sector.**

O presidente do Clúster, Francisco Álvarez, destacou que “a biomasa, como recurso propio, ofrece numerosas vantaxes, desde a creación de postos de traballo na contorna rural, ata a conservación dos montes e contribuír á consecución dos obxectivos de neutralidade climática”. Ademais, Francisco Álvarez defendeu “a biomasa como alternativa de enerxía sostible e comprometida coa protección do medio ambiente e con Galicia”.

### O camiño para lograr un sector máis competitivo

Unha das prioridades do Plan Estratégico é o **impulso da innovación e a transferencia tecnolóxica.** Neste sentido, o Clúster traballará na creación dunha unidade de captación de financiamento europeo para proxectos de I+D+i e na posta en marcha dun servizo de vixilancia tecnolóxica, que traslade ás empresas do sector as últimas tendencias. A entidade impulsará tamén un espazo de demostración tecnolóxica en colaboración coa Universidade de Vigo.

Por outra banda, o documento estratéxico pretende **fomentar a cooperación entre as empresas do sector** a través da organización dun Foro anual e mediante a creación de alianzas estratéxicas entre os seus socios e demais axentes implicados.

Ademais, o Plan Estratégico do Clúster da Biomasa aspira a **contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia.** Para iso, a entidade estreitará os seus lazos cos centros de investigación e coas universidades. “O obxectivo é facer máis atractivo o sector para futuros profesionais”, explicou o presidente do

Clúster, “entre outras actuacións achegaremos a biomasa a titulacións como a arquitectura ou as enxeñarías”.

Ademais, o Plan impulsará o uso da biomasa como fonte de enerxía térmica na actividade industrial e no turismo. Outra das accións incluídas no documento é a posta en marcha de iniciativas que impulsen o acceso a mercados internacionais, a través de misións comerciais ou da participación en feiras internacionais, entre outras medidas.

**O impulso da formación e a mellora do talento humano** é outro dos aspectos recollidos no Plan Estratéxico do Clúster da Biomasa. Para iso, a entidade porá en marcha xornadas formativas dirixidas a mellorar a capacitación dos operarios. O obxectivo é profesionalizar o sector biomasa-forestal e asegurar a súa continuidade con novos traballadores.

A folla de ruta fixada polo Clúster para os próximos anos establece tamén **a consolidación do sector e o seu recoñecemento**, tanto en Galicia como máis aló das nosas fronteiras. “Impulsaremos a creación dun distintivo vinculado ao uso da biomasa”, explicou o presidente do Clúster, Francisco Álvarez, “reforzaremos as relacións cas administracións a nivel local, rexional e nacional; pero tamén queremos concienciar á sociedade sobre o potencial da biomasa como fonte de enerxía ante a escalada de prezos dos combustibles fósiles”.

### **A colaboración, clave para aumentar a competitividade**

Á Asemblea do Clúster asistiu o director da Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). Norberto Penedo indicou que “o Clúster da Biomasa é un exemplo claro de que a colaboración é clave para que sexamos máis competitivos”. Neste sentido, fixo referencia ás axudas do Igape para impulsar o crecemento das pemes galegas.

Pola súa banda, a Directora Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) puxo en valor a importancia do Clúster da Biomasa de Galicia. Neste sentido, Inés Santé, subliñou que “o convenio asinado entre o Clúster e Agader permitirá impulsar proxectos que poñan en valor a biomasa; un sector que impacta positivamente no rural e fortalece da autosuficiencia enerxética”.

### **O sector da biomasa en Galicia**

Galicia, como líder e referente no sector forestal, tamén o pretende ser na valorización enerxética da biomasa. As empresas do sector apostan polo aproveitamento sostible e de calidade certificada, aspecto que avala a calidade da materia prima e ofrece un valor engadido respecto á produción obtida noutras rexións do país. Desde o ano 2014, miles de fogares e industrias galegas benefíciense dos importantes aforros económicos, coidando ademais da nosa contorna. Estímase, ademais, que o sector da biomasa dá traballo a case 3.500 persoas en Galicia.